

Homenaxe a Manuel Rodríguez López

Ao lembrar ou escoitar o nome de Manuel Rodríguez López, ou ben Oreste, acuden á mente una chea de adxetivos tales como amigo, fidelidade, familia, honradez, sencillez, traballador, escritor entre outros calificativos non menos honrosos que se lle poden atribuir a un home de ben coma el.

El que foi informador puntual e gratuito de cantos eventos organizaron e levaron a termo as entidades culturais galegas en Cataluña, que sempre se moveu dun lado para outro pola súa conta motivado pola ansia de espallar a nosa cultura e servir a Galicia ou diría que ata á sociedade en xeral. Por novo que deixou Galicia, “Oreste” non se despegou da súa Paradela natal e boa parte do seu tempo de vagar dedicouno á Cultura sin deixar de ser un bo traballador nunha empresa punteira do momento na que cumpriu intachablemente o seu cometido administrativo contando por riba de todo a súa familia que foi o seu centro de atención e ela tamén lle correspondeu e o sigue facendo como tamén lle corresponde Paradela por medio do seo alcalde J. Manuel Mato e os moitos amigos imposible de nomerar un a un.

Pero falemos dalgúns coma o lugués Julio Giz, o crego Jesús Mato, Yolanda Díaz Gallego, Alfredo González quen entre outras cousas coas que o homenaxou foi musicando algúns dos seus poemas e mantendo a inquebrantable amizade coa familia a máis de intentar outras que non son realizables por una sola persoa nin por una ducia. Mais, esperemos que algún día nos impliquemos todos.

Poderíamos nomear a moitos outros comúns que non esquezo, pero non intento seguir un listado, porque inda que quixera sería imposible ou cansaría, e por outro lado algúns están xa no Ceo coma el. Pois non pode ser noutro sitio, ou ben non estaría ninguén. El que tampouco esquecerá a ningún e estará tratando de facer sitio para os seus como fixo aquí inda que non quedara para él e estará escribindo verdades ou denunciando atropelos que moitos non vemos ou non queremos ver, pero a súa pluma ou bolígrafo non os deixará de rexistrar.

Á parte dos Centros Culturais, Manolo contactou con moitas persoas da nosa colectividade galega en Cataluña de diferentes profesións e condición, que por unha razón ou por outra salientaron ou tiveron algo que dicir das súas vidas ou desta terra na que ramificamos e dalgún xeito enraizamos sin por iso desprendernos de Galicia como tampouco Manolo, pois quen máis quen menos temos o corazón partido como di a canción de Alejandro Sanz, pero sentímonos cómodos, recoñecidos e enteiramente satisfeitos.

El, que andou e fixo amigos en todas todas partes e de bastantes dos que contactou relatou as súas vidas. E eles igual que os devanditos eventos ou actividades das Entidades, foron recollidos e rexistrados en dous coñecidos tomos de escritos seus editados polo Centro Galego das Ramblas titulados Gallegos en Cataluña e G. en C. 2

Tendo dito xa arriba, “escritor”, é preciso voltar á palabra para expresar algo encol do que teño matinado moitas veces dende aí muito tempo. Dado que os galegos todos en Barcelona -digo en Cataluña- non fixemos o que el merecía de nós e que aínda temos algo que poder facer para homenaxearlle e presentarlle os nosos respetos e agradecemento polos servizos á colectividade e a Galicia ¿por qué non intentalo?

Dixen todos pero quédome coas asociacións para tratar de chegar a todos para homenaxealo conxuntamente e logo propoñer á Academia Galega das Letras, que se lle asigne un ano para nomealo Persoeiro das Letras Galegas.

Para ti, Manuel

Isto para ti, amigo Oreste, que agardo deixes a túa humildade e sinxeleza, e te coloques xunto dos grandes. Non te coloques no sitio máis aillado, onde os non importantes, pois se ben estas palabras non son de ningún persoeiro, cousa que a ti non che importa, tampouco están ordenadas coa túa mestría, pero si dictadas polo corazón coa garimosa lembranza de quen quixera seguir véndote por aquí e compartido algún acto.

Imaxino que estarás e que te atoparás con moitos dos nosos. Eu inda que me atopo ben e a miña familia tamén, atópome xa na fila dos que por lei natural temos que ir deixando este val chamado Terra, e pídoche que me alumees e me guíes no camiño

Respecto ao de Santiago, teño moito que che poder dicir, pero non é o día. Coa festividade do Apóstolo, aínda seguimos soñando .

A túa familia véxoa de cando en cando, e podes estar contento, pois amáis de estar ben, salvo o grande sentimento de non verte e terte con eles fisicamente, e que a Irene síntese máis soa polo feito de estar o Santi –que se convertiu no teu retrato- na Inglaterra, polo demais todo ben, e están todos eles, incluído un neto teu, fillo de Santi, que leva o sangue da cepa, e por suposto o Enrique.

Todos eles, a facer o que poucos son capaces. A túa obra, sendo xa importante cando a túa partida, revalorizouse e medrou, pois por eles mesmos e a estimable colaboración dalgúns amigos teus que podes imaxinar, por medio da obra ou apoiándose na mesma, está sendo coñecida polo mundo enteiro.

Moitos están a escribir movidos por ti. Paradela levantou un centro cultural que leva o teu nome, e vai enchéndose de libros que chegan ao mesmo, ano tras ano, de escritores que presentan as súas obras perseguindo un premio que o concello concede aos que pasan a criba, ademáis de publicar a obra gañadora que leva o teu nome. E cada ano son máis os que participan.

Teño moitas outras cousas que podería contarche, pero vou rematar xa, mais non sen dicirche que me atopo moi ledo do que en Galicia teñen feito cara a ti e a túa obra, da que algunhas cousas aínda poden ser máis ilustrativas que cando as creaches.

Recibe o meirande afecto e aperta e deica cando Deus queira xa que á súa vontade ninguén pode oponerse.

R.A.R.